

# Auroras forestais



Autor: Chozas Sila

Onde unha vez houbo fouce,

hoxe gobernan as silvas,

onde houbo verbenas,

hoxe goberna o silencio.

As cores do outono retrocederon,  
con elas, especies que son lembranza.

A natureza que foi érao todo,

agora resiste en *Masada*.

O tempo non se pode deter,

a dirección pódese cambiar.

Imaxe de portada: Foto propia (agosto 2011). Concello de Nogueira de  
Ramuíñ.

**Lantern, compás, guía botánica, mapa, bolsas de plástico, cámara, batería, muda, tortilla de pataca...**

-Venche ben que te deixe aquí?

-Si -respondeu Xan-.

O verán achegábase inexorablemente, as sopas de letras da Universidade remataran unha vez máis e nunhas semanas estaría traballando, con sorte. Xan decidiu o día anterior visitar a unha amiga que tiña nas Ladeiras, nunha ladeira que escolta ao río Lor até o río Sil, o que leva a auga e non a fama. Pero antes camiñaría máis de vinte quilómetros ao longo de todo un día. Camiñando suorento por camiños de asfalto ascendentes, cubertos por unha bóveda arborada de carballos, atopou unha fonte cuxo son lle pareceu música celestial.

-Chip, chip, chip!

-Chas! A cámara capturara, nun ámbar dixital, ao paporrubio refrescándose.

Ao carón da fonte un camiño de terra ascendía como alternativa ao monótono asfalto. Decidiu percorrelo a pesares de que non aparecía no seu mapa. Atopou latas desbotadas, moitas botellas (para pouca auga) que foi gardando na súa bolsa de residuos até que atopou unha lavadora.

-Buff! -Xan negou coa cabeza e proseguiu-.

Despois duns trinta pasos atopou unha serie de sequeiros de castañas e casas de pedra, barro, madeira e escura lousa. Rachadas, vellas e podres como aquel olmo de Machado, salvo unha. Arredor dela o terreo estaba máis

coidado, unhas pitas déronlle o recibimento. Un par de maceiras escoltaban os laterais da casa, do mesmo estilo que as anteriores, destacando soamente o marco das ventás pintado cun azul cobalto. Unha frutífera hortiña con bancais atopábase preto, sombreada en parte por uns impenetrables silveiros. De entre as tomateiras xurdiu un home lixeiramente xibado, con neves perpetuas nunha cabeza protexida por un gorro. Levaba un xerseí de la a pesares da calor, grises pantalóis tatuados pola terra e na súa man herbas adventicias arrincadas. Saudáronse, presentáronse, Pedro.

-Bonitas silvas! -espetoulle Xan, maldicindo ao momento a súa torpeza-.

Silencio.

-Ha, ha, ha, ha!!! Un día enguliranme e rematarei sendo unha mora.

Pedro pareceulle unha persoa moi hospitalaria, quizais levara tempo sen ter visita, pensou. Falaron durante media hora de temas mundanos. Sen embargo, non lle falou da aldea.

-Esta lousa arrinqueina eu coas miñas propias mans da Terra!! Dixera con voz profunda mentres pechaba os seus puños, tremendo de orgullo, rematando por tusir con forza.

Xan contemplou aterrado como Pedro lle enchía dúas bolsas de aromáticas mazás, que tería que cargar varios quilómetros e unha botella, cuberta de po, de licor de mora.

-Cada vez téñoas máis preto, menos esforzo para colleitalas -dixo Pedro cun medio sorriso-.

Despedíronse cun forte apertón de mans. Xan seguiu un camiño invisible, indicado por Pedro, para chegar antes da noite á meta. Asubiaba saltaricando namentres os raios dun Sol de xustiza atenuados pola follaxe dos castiñeiros acariciaba a súa pel.

**Casco co cubrecalugas, gafas, lanterna, botas, funda, luvas, cinto, botica de primeiros auxilios, mosquetóns...**

O asfalto só é percorrido pola pálida Lúa. Un todo terreo atravesa a escuridade, con dúas lanzas de luz, feríndoa mais non de morte.

-Precisamos auga -comentara Ánxela, a xefa de brigada-

-Coñezo unha boa fonte por aquí -respondeu Xan, desde o asento traseiro-

Namentres a brigada se aprovisiona de auga, Xan percorre novamente o sendeiro, pasaron dous anos.

-Cara onde vas? Non te afastes moito!

-Vinde! Vou visitar a un amigo.

Un farol alumea a aldea coa súa luz cálida. O camiño resulta algo máis estreito, e a casa de Pedro atópasetal como a lembraba. Son as once da noite, un pouco tarde para unha persoa septuaxenaria. O seu dedo índice aproxímase ao timbre, detívose. O rabillo do ollo vira...xira a cabeza aos lados e ve unha grande cantidade de mazás podrecendo no chan.

-Quizais estea a durmir, ou incluso nunha verbena.

-Os maiores tamén se divirten. Se che contara...

-Pode ser...-Xan atópase confuso, cunha opresión no peito-.

-Rapaces!!! Chamáronnos do Distrito! Temos que situarnos no alto do Boi!

-berrou Ánxela dende abaixo-.

As botas retornan ao todo terreo co seu pesado pisar, Xan detívose un intre, vendo un grupo de moras entregadas ao chan.

-...

-Vamos rapaces!!!

Situados no alto do Boi pasan as horas, os ollos vixían o horizonte. Sen novidade na fronte. Co portófono, nun silencio roto só por algún cambio de quenda. Atópanse adormecidos. O son de cheirar dun compañeiro avívao. Cheiro a morte.

-De onde provén ese cheiro? -pregunta-.

Contemplan no horizonte un resplandor intermitente, asomándose con timidez polas cimas da serra. Un resplandor alaranxado, volve o ocaso pero ás catro da mañá, o portófono ruxe.

-Hai que dar a alarma!

-Xa están alertados. É un lume no Barco -asevera Ánxela-.

E unha diminuta brigada contempla, na inmensidade do horizonte, un espectáculo desolador. O lume devastador arrasando a Terra e conquistando o ceo. Os vagalumes que alumaban na escuridade universal vense eclipsados polo ascendente fume. E ese resplandor, ese resplandor marcando coas súas

gadoupas o ceo, nun espectáculo hipnótico. Algo case único nestas latitudes, pódense contemplar as auroras forestais, luz da devastación.

-Adiante brigada...con distrito. Reunídevos na saída de Quiroga co axente forestal e a carroceta.

- Convoi!!! Vamos!!

Marchan aceleradamente deixando un rastro de po. Unha noite que rematará ao mediodía.

Onde unha vez houbo fouce,  
hoxe gobernan as silvas,  
onde houbo verbenas,  
hoxe gobernan as lembranzas,  
das persoas que viviron ,  
sentiron e loitaron.  
Natureza acantoadada  
en fase minguante,  
agardando á conciencia,  
en fase crecente.